

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Anuncio do réxime de retribucións dos membros da Corporación

ANUNCIO

Anuncio do réxime de retribucións dos membros da Corporación

O Pleno do Concello de Dodro, na sesión extraordinaria do día 3 de xullo de 2019, acordou a proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Réxime de retribucións dos membros da Corporación

Constituída a Corporación en sesión extraordinaria de data 15 de xuño de 2019 e con motivo dunha maior eficacia e xestión no funcionamento desta entidade, créese convinte que dous membros do equipo de goberno desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

De conformidade co indicado no artigo 75 ter da lei 7/1985, reguladora das bases do Réxime Local, a prestacións de servizos en Concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros debe axustarse en todo caso aos seguintes límites: en concellos de Municipios con poboación comprendida entre 2.001 e 3.000 habitantes, os membros que poden exercer os seus servizos en réxime de adicación exclusiva non excederá de dous

O artigo 75 bis da mesma norma indica que os membros das Corporacións serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos establecidos no artigo anterior; os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación e a súa poboación, de maneira que para municipios de poboación de 1.000 a 5.000 habitantes o máximo de referencia é 41.467,07 euros.

Vistos os informes de secretaría-intervención de data 27 de xuño de 2019

Considerando as características do Concello de Dodro, e o grado de responsabilidades, funcións atribuídas e dedicacións necesarias para os acometidos inherentes ao cargo, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno da Corporación o adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Que o concelleiro da Área de Ordenación do Territorio, Obras e Servizos e o concelleiro da Área de Educación, Deportes e Emprego desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva co fin de atender coa maior dispoñibilidade as funcións inherentes ao seu cargo, para a consecución da maior eficacia nas xestións necesarias no exercicio das competencias que se atribúan e a implicación requirida para a satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e intereses públicos cuxa xestión estea encomendada a eta Administración Local.

Segundo.- Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social a quenes realicen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, debendo asumir esta Corporación o pago das cuotas empresariais que correspondan, e fixar as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas anuais, correspondendo doce pagas ás diferentes mensualidades do ano (coa súa prorrata por días naturais, no seu caso) e dúas pagas extras (unha no mes de xuño e outra en decembro, e as súas prorratas por días naturais, no seu caso) e cos incrementos anuais que se determinen legalmente para o persoal funcionario

- O concelleiro da Área de Ordenación do Territorio, Obras e Servizos, Ramón Abuín Gómez, una retribución bruta anual de 28.000 euros
- O concelleiro da área de Educación, Deportes e Emprego, Abel Tarrío Abuín, una retribución bruta anual de 22.000 euros

O recoñecemento e devengo das retribucións quedará condicionado á aceptación do réxime de dedicación polo titular do cargo

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña

Dodro, 11 de xullo de 2019

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2019/5823

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Anuncio da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, retribucións por asistencia a sesións e nomeamento derepresentantes da corporación en órganos colexiados

ANUNCIO

Anuncio da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, retribucións por asistencia a sesións e nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados

O Pleno do Concello de Dodro, na sesión extraordinaria do día 3 de xullo de 2019, acordou as propostas da Alcaldía que se transcriben:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA

Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno

A vista da necesidade de resolver sobre a periodicidade das sesións do Pleno deste Concello ao abeiro do disposto no artigo 38 a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e considerando o disposto no art. 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que as sesións ordinarias do Pleno nos municipios de ata 5.000 habitantes terán lugar como mínimo cada tres meses, e o art. 210.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que establece que a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno será como mínimo de cada dous meses, PROPOÑO ao Pleno do Concello:

Primeiro.- Que a periodicidade das sesións ordinarias sexa bimestral.

Segundo.- Que as devanditas sesións ordinarias teñan lugar no segundo xoves de cada dous meses, comezando a contar desde o día 8 de agosto. A hora de celebración serán as 20:00 horas.

Terceiro.- Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do alcalde, poderá este convocar a sesión con carácter ordinario en hora ou día distinto do que correspondería conforme ao punto anterior, nun intervalo dos sete días naturais anteriores ou posteriores, e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos da convocatoria.

En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria das sesións ordinarias para día distinto do establecido como preferente, o feito de que tal día sexa festivo, a conveniencia dun maior estudo dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos mesmos e calquera outros que xustifiquen razoadamente a decisión.

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA

Retribucións por asistencia a sesións do Pleno e Xunta de Goberno, así como cantidade a pagar por grupo político

En aplicación do disposto no artigo 75 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 13 do real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Que os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, ou dedicación parcial, terán dereito a percibir indemnizacións por asistencia ás sesións do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno Local, tanto se asisten como titulares ou suplentes debidamente autorizados, nas seguintes contías:

- Sesión ordinaria do Pleno do Concello: 60 €
- Sesión extraordinaria do Pleno do Concello: 60 €
- Sesión ordinaria ou extraordinaria da Xunta de Goberno: 200€
- Sesión da Comisión Especial de Contas: 50 €

Segundo.- Que co obxecto de contribuír aos gastos derivados das actividades dos grupos políticos con representación no Concello de Dodro, para as distintas actividades e actuacións que no seno do mesmo se realicen, asígnase unha cantidade anual de 100 € para cada un dos grupos políticos

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA

Nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados - Nomeamento do representante no Consello Escolar do CPI

De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación ao nomeamento de representantes en órganos colexiados sométese ao Pleno do Concello a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Nomear, como representante do Consello Escolar do C.PI de Dodro “Eusebio Lorenzo Baleirón” ao concelleiro Abel Tarrío Abuín e, como o seu suplente, ao concelleiro Xoán Xosé Vicente Franco.

Segundo.- Notificar o nomeamento as persoas designadas

D) PROPOSTA DA ALCALDÍA

Nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados - Nomeamento do representante no Consello Escolar do CRA

De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación ao nomeamento de representantes en órganos colexiados sométese ao Pleno do Concello a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Nomear, como representante do concello de Dodro no Consello Escolar do C.R.A. de Dodro ao concelleiro Abel Tarrío Abuín e, como suplente, ao concelleiro Xoán Xosé Vicente Franco.

Segundo.- Notificar o nomeamento as persoas designadas

E) PROPOSTA DA ALCALDÍA

Nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados - Nomeamento do representante na Xunta Pericial do Catastro Inmobiliario Rústico

De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación ao nomeamento de representantes en órganos colexiados sométese ao Pleno do Concello a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Nomear, como representante do concello de Dodro na Xunta Pericial do Catastro Inmobiliario Rústico ao propio alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís, e como suplente, ao concelleiro Ramón Abuín Gómez.

Segundo.- Notificar o nomeamento as persoas designadas

Dodro, 11 de xullo de 2019

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2019/5822